

*Facultade de Ciencias
Económicas e
Empresariais*

*Actas da
Comisión de
Calidade*

Curso 2019-2020



ACTA DA COMISIÓND E CALIDADE, DO 12/09/2020

Da comezo ás 12.45 horas a sesión extraordinaria da Comisión de Calidade na Sala de Xuntas do Decanato, unha vez que se cubre o quórum preciso segundo se recolle na folla de asistencia.

Asistentes:

Amigo Dobaño, Lucy. Bergantiños Cid, Gustavo. Casal, Giráldez, Ángeles. Castro Rodríguez, Fidel. Falagán Mota, Jorge. Giménez Fernández, Eduardo L. Lorenzo Alonso, Pedro. Piñeiro García, Coral. Del Rio Otero, Coral. Rodríguez De Prado, Francisco. Rodríguez Domínguez, Mar y Vila Alonso, Mercedes.

.....

A Orde do Día é a seguinte:

PUNTO ÚNICO: Aprobación, se procede, das Alegacións e Plan de Mellora do Máster de Finanzas e do Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible aos respectivos Informes de Acreditación da Comisión Avaliadora dos mesmos.

- Pilar Piñeiro, como Coordinadora do MXDS (Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible) fai unha valoración sobre os Informes da Comisión Avaliadora. Destacou a dureza, en xeral, das avaliacións de tódolos másteres, Con respecto a avaliación concreta do MXDS suliñou a dureza na avaliación das Prácticas do Máster.
- Gustavo Bergantiños pregunta porqué no apartado do Informe referente a Instalacións a puntuación alcanzada non é a máxima.
- Coral Del Rio fai un comentario sobre o grave que sería que quedasen alumnos sen realizar as prácticas asignadas.
- Pilar Piñeiro, como coordinadora do Máster, explica como é o proceso de Asignación de Prácticas no mesmo.
- Finalmente apróbanse as Alegacións e o Plan de Mellora do MXDS presentado por asentimento.
- Francisco Rodríguez, como Coordinador do Máster de Finanzas (MF), explica o Informe, como se levou a cabo o proceso de Alegacións e Plan de Mellora e



ACTA DA COMISIÓND E CALIDADE, DO 12/09/2020

algunha problemática respecto á implantación das medidas do Plan de Mellora: Comentou a idea de que, de aquí a dous anos, fariase unha modificación da Memoria da Titulación nalgún dos aspectos nos que incidían o Informe, sobre todo no tocante a materia de Prácticas do primeiro cuatrimestre e a necesidade de trasladala ao segundo cuatrimestre. Tamén a problemática de como recadar información sobre os antigos alumnos para poder facer un seguimento dos mesmos.

- Apróbanse por asentimento as Alegacións e Plan de Mellora do MF.

Unha vez rematada a orde do día e sen outros asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13:30 horas.

O Secretario da Comisión

VºBº: O Decano

Da comenzo ás 13:05 horas a sesión ordinaria da Comisión de Calidade na Sala de Xuntas do Decanato, unha vez que se cubre o quórum preciso segundo se recolle na folla de asistencia.

Asistentes:

Bergantiños Cid, Gustavo; Castro Fernández, Ana Esther; Del Rio Otero, Coral; Falagán Mota, Jorge; Giménez Fernández, Eduardo; López Míguens, M^a Jesús; Pazó Rodríguez, Consuelo; Piñeiro García, Pilar e Vila Alonso, Mercedes.

Excusan ausencia: Castro Rodríguez, Fidel

.....

A Orde do Día é a seguinte:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2.- Informe da Vicedecana.
- 3.- Aprobación, se procede, da declaración de interese do Máster en Finanzas.
- 4.- Ratificación, se procede, do procedemento IA01 DE Xestión de recursos materiais e Servizos, aprobado pola Comisión de Calidade da Universidade.
- 5.- Rogos e preguntas.

.....

Punto 1. *Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.*

Apróbanse as actas das sesións anteriores por asentimento.

Punto 2. *Informe da vicedecana de calidade*

A vicedecana informa de varios asuntos:

- ✓ O seu obxectivo de acadar o selo de Calidade para a Facultade.

- ✓ A posibilidade de integrar a Comisión de Docencia da Facultade no seo da Comisión de Calidade.

Ábrese unha quenda de intervencións na que interveñen varios membros da Comisión e se debate sobre si é adecuado unificar as Comisións de Docencia e Calidade. Se ben os temas tratados na Comisión de Docencia son cuestións estreitamente relacionadas coa Calidade do centro, é posible, por unha cuestión de operatividade, que sigan traballando por separado pero é desexable que se establezan nexos entre elas.

En próximas reunións da Comisión de Calidade se explorarán as posibles vías de colaboración entre as dúas Comisións.

Punto 3. *Aprobación, se procede, da declaración de interese do Máster en Finanzas.*

Apróbase por asentimento.

Punto 4. *Ratificación, se procede, do procedemento IA01 DE Xestión de recursos materiais e Servizos, aprobado pola Comisión de Calidade da Universidade.*

Ratifícase por asentimento.

Punto 5. *Rogos e preguntas.*

O profesor Eduardo Giménez agradece a invitación aos Mestrados ao Foro de Emprego que se celebrará na Facultade o 19 e 20 de febreiro.

Suxire que na páxina web da Facultade, na “pestaña” de *Docencia*, se inclúa información sobre os Mestrados (incluídas as guías docentes) e non só na páxina de inicio.

Tamén pregunta sobre o acordo da Xunta de Facultade de xullo de 2019, no que se estableceu que a persoa encargada do vicedecanato de Calidade forme parte das Comisións académicas dos Mestrados.

A vicedecana contesta que propondrá a inclusión da información dos Mestrados na sección de Docencia da web e que, para os Mestrados interuniversitarios non é de aplicación o

acordo da Xunta de Facultade de xullo. Propón unha vía de comunicación entre a Comisión Académica dos Mestrados e o equipo decanal, que pode consistir en que a persoa que ocupa o posto de vicedecano/o participe con voz, pero sen voto, en ditas Comisións Académicas. Ao coordinador do Mestrado en Economía e ao representante na Comisión de Calidade do Mestrado en Técnicas Estatísticas parécelles ben esta proposta.

Unha vez rematada a orde do día e sen outros asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13:55 h.

A Secretaria da Comisión



Fdo: Ana Esther Castro

Vº e Pr.: O Decano



Fdo.: Jorge Falagán Mota

Da comenzo ás 11:55 horas a sesión ordinaria da Comisión de Calidade na Sala de Xuntas do Decanato, unha vez que se cubre o quórum preciso segundo se recolle na folla de asistencia.

Asistentes:

Castro Fernández, Ana Esther; Castro Rodríguez, Fidel; Del Rio Otero, Coral; Falagán Mota, Jorge; Giménez Fernández, Eduardo; Pazó Rodríguez, Consuelo; Piñeiro García, Pilar; Rodríguez de Prado, Francisco e Vila Alonso, Mercedes.

Excusan ausencia: Bergantiños Cid, Gustavo; López Míguens, M^a Jesús

.....

A Orde do Día é a seguinte:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2.- Informe da vicedecana.
- 3.- Aprobación, se procede, das alegacións derivadas do *Informe provisional para a revisión interna do seguimento de centros e de titulacións oficiais de Grado e Mestrado (convocatoria 2018/2019)*.
- 4.- Rogos e preguntas.

.....

Punto 1. *Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.*

Apróbase por asentimento.

Punto 2. *Informe da vicedecana de calidade*

A vicedecana informa de varios asuntos:

- ✓ Os prazos para enviar o Informe de Revisión do sistema pola Dirección dos distintos mestrados da Facultade. Indícase que deben remitirse como moi tarde a mediados do mes de marzo, para poder someter o informe completo á súa aprobación antes de que finalice o mes.
- ✓ Posibilidade de que un dos membros da Comisión de Calidade actúe de enlace coa Comisión de Docencia.

Ábrese unha quenda de intervencións e acórdase que sexa a vicedecana de Calidade quen desempeñe ese papel de enlace entre as dúas Comisións.

Punto 3. Aprobación, se procede, das alegacións derivadas do *Informe provisional para a revisión interna do seguimento de centros e de titulacións oficiais de Grado e Mestrado (convocatoria 2018/2019)*.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. *Rogos e preguntas*

O profesor Francisco Rodríguez de Prado pregunta pola publicidade que se pode facer dos másters dende a Facultade.

A Vicedecana comenta que se propondrá que a información se inclúa non só na páxina de inicio da web da Facultade se non tamén na pestana “Docencia”. Propón facer unha reunión informal cos coordinadores para tratar o tema da cartelería.

Unha vez rematada a orde do día e sen outros asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 12:15h.

A Secretaria da Comisión

Vº e Pr.: O Decano

Da comenzo ás 18:15 horas a sesión ordinaria da Comisión de Calidade na Sala de Xuntas do Decanato, unha vez que se cubre o quórum preciso segundo se recolle na folla de asistencia.

Asistentes:

Bergantiños Cid, Gustavo; Castro Fernández, Ana Esther; Castro Rodríguez, Fidel; Del Rio Otero, Coral; Falagán Mota, Jorge; Giménez Fernández, Eduardo; López Míguens, M^a Jesús; Pazó Rodríguez, Consuelo; Piñeiro García, Pilar e Rodríguez de Prado, Francisco.

Excusa ausencia: Vila Alonso, Mercedes.

.....

A Orde do Día é a seguinte:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe da Vicedecana.
3. Aprobación, se procede, da Memoria de Modificación do Máster en Finanzas.
4. Aprobación, se procede, do Informe de Revisión do sistema pola Dirección, do Plan Operativo de Información Pública e do Plan de Promoción do Centro.
5. Rogos e preguntas.

.....

Punto 1. *Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.*

Apróbase por asentimento.

Punto 2. *Informe da vicedecana de calidade*

A vicedecana informa de varios asuntos:

- ✓ Cartelería dos Mestrados. Xa están feitos os carteis, en distintos formatos (impresión, web e redes sociais) e poderán ser utilizados polas diferentes titulacións para a súa promoción. Dende o Decanato farase publicidade institucional a través de faitic.
- ✓ En breve se solicitará a información sobre o PAESU aos Másters. Rógase que se envíe dentro dos prazos sinalados.

- ✓ Dados os medios técnicos facilitados aos Centros polo Campus Remoto, o Decanato informa que pretende facer uso dos mesmos para a organización de conferencias e seminarios no vindeiro curso 2020-2021. Estes medios permítenos acceder a conferenciantes dun modo máis sinxelo, xa que non é preciso que se despracen ata as dependencias da Facultade, o que tamén suporá un aforro de custos.

Punto 3. *Aprobación, se procede, da Memoria de Modificación do Máster en Finanzas.*

Intervén Francisco Rodríguez de Prado, coordinador do Máster, quen comenta brevemente os principais cambios introducidos na Memoria segundo as indicacións da Área de Calidade.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. *Aprobación, se procede, do Informe de Revisión do sistema pola Dirección, do Plan Operativo de Información Pública e do Plan de Promoción do Centro.*

Ábrese unha quenda de intervencións, na que participan Consuelo Pazó, Fidel Castro, Eduardo Giménez, Francisco Rodríguez e Coral del Río.

Todos os presentes están de acordo en que se traslade á Comisión de Docencia a análise daquelas materias cunhas taxas de éxito, rendemento e avaliación substancialmente inferiores á media. Tamén coinciden en que non é doado atopar unha solución.

Chégase a unha serie de conclusións e acordos que se engadirán o Informe de Revisión pola Dirección, e que son os seguintes:

Conclusións relevantes	
1.	Necesidade de seguir insistindo na participación do alumnado e o profesorado nas enquisas de satisfacción das titulacións.
2.	Necesidade de redefinir algunhas metas do IRD que parece que non se axustan á realidade do Centro.
3.	Necesidade de propor á Comisión de Docencia da Facultade que faga unha análise daquelas materias cuxas taxas de rendemento, éxito e avaliación son moito máis baixas que a media.

Acordos	
1.	Informar ao alumnado e ao profesorado, a través das canles presenciais e virtuais da Facultade, da importancia de participar nas enquisas de satisfacción coas Titulacións do Centro.
2.	Convocar unha reunión da Comisión de Calidade para revisar as metas do IRD.
3.	Convocar, a través da vicedecana de Calidade, á Comisión de Docencia da Facultade, para que faga unha análise das materias con taxas de rendemento, éxito e avaliación substancialmente máis baixas que a media.

O Informe de Revisión do sistema pola Dirección, o Plan Operativo de Información Pública e o Plan de Promoción do Centro apróbanse por asentimento.

Punto 5. Rogos e preguntas

O profesor Francisco Rodríguez de Prado solicita que se envíe información sobre os máster aos alumnos de 4º. A vicedecana indica que se solicitará aos coordinadores/as dos máster a información que queren que lle sexa transmitida ao alumnado e que se enviará unha mensaxe coa mesma a través de faitic.

O profesor Fidel Castro pregunta polos despachos virtuais e suxire que o profesorado conte a súa experiencia sobre a avaliación virtual. A vicedecana informa que os despachos virtuais xa están creados e explica brevemente o seu funcionamento. Tamén comenta que é intención do Decanato organizar na próxima semana unha reunión informal con todo o PDI do centro para contar as súas experiencias coa avaliación, o que non só permitirá compartir propostas, senón que poderá ser de utilidade ao profesorado do primeiro cuatrimestre, que terá que enfrontarse a este tipo de avaliación, por primeira vez, na convocatoria extraordinaria.

Unha vez rematada a orde do día e sen outros asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 20:30h.

A Secretaria da Comisión

Vº e Pr.: O Decano

